

ACTA Nº 3 DA XUNTA ELECTORAL DA FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO

Ás 09:00 horas do día 21 de xullo de 2026 reúnese por medios telemáticos a Xunta Electoral da Federación Galega de Atletismo, validamente constituída, ao obxecto de aprobar o censo electoral definitivo e adoptar os acordos procedentes para a continuación do proceso electoral, de conformidade co disposto no Decreto 16/2018 e no Regulamento Electoral da Federación Galega de Atletismo.

Unha vez transcorrido o prazo de reclamacións contra o censo electoral provisional sen que se presentase ningunha reclamación, e non existindo tampouco opcións de estamento formuladas polas persoas incluídas en máis dun estamento, a Xunta Electoral adopta os seguintes

ACORDOS

Primeiro.- Aprobar definitivamente o censo electoral da Federación Galega de Atletismo, de conformidade co disposto no artigo 8 do Regulamento Electoral.

O censo electoral definitivo permanecerá exposto nos mesmos lugares nos que foi publicado o censo provisional ata o día da votación para a elección dos membros da Asemblea Xeral.

Segundo.- Constatar que a aprobación do censo electoral definitivo non determina modificación ningunha na distribución inicial do número de representantes asignados a cada circunscrición electoral e estamento, polo que se mantén integramente a distribución aprobada coa convocatoria electoral.

Terceiro.- Remitir o censo electoral definitivo á Secretaría Xeral para o Deporte, xunto coa presente acta, para os efectos oportunos.

Cuarto.- Declarar aberto o prazo de presentación de candidaturas á Asemblea Xeral da Federación Galega de Atletismo, que permanecerá aberto ata ás 14:00 horas día **24 de xullo de 2026**, ambos incluídos.

As candidaturas poderán presentarse empregando os modelos aprobados por esta Xunta Electoral e publicados na sección "ELECCIÓN 2026" da páxina web oficial da Federación Galega de Atletismo, de conformidade co establecido no Regulamento Electoral.

As candidaturas poderán presentarse persoalmente, por correo certificado ou por calquera outro medio que permita acreditar fidedignamente en dereito a súa presentación, dirixidas á Xunta Electoral da Federación Galega de Atletismo, nos seguintes enderezos:

Dirección postal:

Federación Galega de Atletismo

Praza de Agustín Díaz s/n, Complexo Deportivo de Elviña

15008 A Coruña

Dirección electrónica:

xuntaelectoral@atletismo.gal

De conformidade co artigo 8.c) do Regulamento Electoral, contra a elevación do censo electoral provisional a definitivo non cabe recurso ningún.

Contra a falta de modificación da distribución inicial do número de representantes asignados a cada estamento poderá interpoñerse recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva no prazo de tres días hábiles, de conformidade co disposto no artigo 8.3 do Regulamento Electoral da Federación Galega de Atletismo.

O recurso deberá presentarse ante esta Xunta Electoral, que o remitirá, xunto co expediente completo e o seu informe, ao Comité Galego de Xustiza Deportiva nos termos previstos no artigo 34 do Regulamento Electoral.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión na data indicada ut supra.

O Secretario da Xunta Electoral

Fdo. Manuel A. Suárez Collantes

